

# ROUCCO

# SON

*Falamos de rock en galego*

*Número 24- decembro 2022*

Publicación gratuíta

**Colle unha!**

**KALEIKIA  
DARK EMBRACE  
YOU CANTHIDE**

**DELEIBA  
LAMPREA EXPLOSIVA  
DIENTES**

**GRACIAS POR NADA  
SUPER POP JAZZ  
THE SKARNIVALS**



# Primeiro adianto do cartaz do Resurrection Fest, con máis de 80 bandas



O Resurrection Fest 2023, unha das citas máis sinaladas do ano para fans do hardcore, o punk e o metal en Galicia, ten xa o primeiro adianto do seu cartaz. E non é un pequeno adianto para facer boca, senón que son máis de 80 as bandas xa anunciadas para subirse ao escenario do mítico festival de Viveiro. Os abonos para esta decimooitava edición saíran á venda o xoves 1 de decembro a un prezo aínda por determinar, aínda que xa se ten anunciado que se poderá facer uso do Bono Cultural Xove para mercalos.

Desta vez serán catro as bandas galegas que tocarán no festival, facendo de anfitriños. A falta dunha confirmación oficial do reparto das

bandas por días e escenarios, a disposición do cartaz xa parece apuntar que bandas estarán en cada un dos catro escenarios do Resu, é dicir, o Main Stage, o Ritual Stage, o Desert Stage e o Chaos Stage.

Por unha banda, no escenario Ritual, dominado principalmente polo metal extremo, estarán os coruñeses Dark Embrace. Esta banda fundada hai xa 22 anos comezou a súa andaina practicando un doom metal gótico, lanzando en 2006 o álbum dixital *The Rebirth of Darkness - Children Whispered Screams from Beyond*.

En 2009 o grupo tivo un parón do que rexurdiu en 2015, desta vez cun estilo máis próximo ao death metal

melódico pero mantendo a influencia escura dos primeiros anos, auto-definíndose como “dark heavy metal”. En 2017 lanzaron o álbum *The Call of the Wolves*, que foi regravado e relanzado en 2022 polo coñecido selo Massacre Records, e en 2023 chegará *Dark Heavy Metal*. Na banda militan membros doutros coñecidos grupos galegos, como Thrashnos ou Fallen Sentinel.

Por outra banda, ao escenario Chaos, especializado en punk e hardcore, subiranse os vigueses Youcanthide. Esta banda foi fundada en 2019 polos membros da banda de punk de garaxe *Kings of the Beach* e por Kaixo, artista de música urbana e pioneiro do trap no Estado

como membro do colectivo *Banana Bahia*. Despois de editar un álbum homónimo en 2020, sumaríase un quinto membro, Brais Quevedo, procedente de bandas como *Karma Animal* ou *Liska*, ademais de formar parte da alineación actual de *Killer Barbies* xunto ao seu compañeiro de grupo Adri.

O quinteto amosará o seu potente rock alternativo no Ritual, confirmando a frase que xa Kaixo cantou en 2017 xunto a *Recycled J* no tema “I don’t care”: mi gente haciendo pogo, Kaixo Resurrection Fest. Xa o ano pasado actuou no festival a banda de rap *Moscow Death Brigade* e os ferroláns *Turbo Kraks* subiron o escenario co “Resurexxxion Fest” de Sad



Damn Hosse Lean, así que os vínculos entre o festival e a escena urbana parecen cada vez maiores.

Finalmente, no escenario Desert tocarán outras dúas bandas galegas, Sangre de Muérdago e Deleiba. Fundada e liderada por Pablo C. Ursuson, exmembro da lenda do crust coruñés Ekkaia, Sangre de Muérdago é dende o seu nacemento en 2005 unha banda clave do estilo neofolk. A banda é galega e amosa esta procedencia reiteradamente na súa música, aínda que está afincada na cidade alemana de Leipzig. A pesar de non practicar nada similar ao punk ou ao metal, a súa aparición no Desert, especializado en sons máis ambientais e psicodélicos, está máis que xustificada pola súa sólida traxectoria, con numerosos álbums editados. O máis recente, Xuntas, saíu en 2021.

Pola súa banda, Deleiba, dende Muros, naceu en 2017 e fai rock alternativo. O seu primeiro traballo foi o álbum El Último Eslabón en 2019, seguido do EP MMXX e de varios sinxelos. Despois de ter actuado en festivais de renome como o Castelo Rock ou o Tsunami Xixón, en 2022, o Resu era o seguinte paso natural

para a banda.

A pesar de que aínda quedan bandas por anunciar, todo parece apuntar a que serán estas catro bandas as que formarán a representación galega do festival, xa que o propio Resurrection ten explicado que as bandas restantes por desvelar serán todas de fóra do Estado. Á espera, claro está do concurso de bandas. Para esta edición, que durará 4 días completos, a organización puxo unha particular énfase nas bandas internacionais, destacando que a de 2023 será a edición con máis destas bandas da historia do Resu.

Os cabezas de cartaz serán Ghost, Slipknot e Pantera, esta última inmersa na súa esperadísima xira de reunión. Son moitos e moi variados os nomes internacionais que inundan o cartaz, dende a banda de rock psicodélico dos anos 60 Coven ata o metalcore de Architects ou Motionless in White, pasando polo hardcore punk clásico de Black Flag, o power metal de Powerwolf, o black metal de Carpatian Forest, a mestura de black e death de Behemoth ou Belphegor, ou o hardcore pesado de Madball e Hatebreed.





A revista Rouco Son é un proxecto que nace no verán de 2021, co obxectivo de ser un medio que fale sobre a escena da música rock, punk e metal de Galicia. E facéndoo, por suposto, en lingua galega. Aínda que isto pode parecer un obxectivo moi concreto, en realidade ten unha amplitude inmensa. A música de Galicia ten unha diversidade, calidade e importancia ben coñecidas, e o rock non é precisamente unha excepción nisto, coa existencia de miles de bandas ao longo das sete décadas de historia do xénero na nosa terra. Algunhas delas lendarias, outras de culto, e outras practicamente descoñecidas; porén, nos tres grupos podemos atopar música increíble e única.

Precisamente porque boa parte desta música, tanto historicamente como actualmente, é ben pouco coñecida incluso entre os seguidores do estilo, é moi necesario que haxa publicacións que a traten en profundidade. E, por suposto, hainas e sempre as houbo. Dende os fanzines autoxestionados e as revistas independentes que dende un primeiro momento deron parte da escena dende dentro dela, ata os medios culturais galegos de hoxe, que sempre teñen un oco para o rock nas súas páxinas, pasando tamén polos medios internacionais especializados nestes estilos musicais que, pola calidade do rock galego, sempre lle prestaron atención.

Todos estes medios son de moi distinto tipo, e seguramente cada un deles será máis axeitado para buscar información sobre un tipo de banda ou outra. Por exemplo, os estilos máis propiamente subterráneos, como o hardcore ou o metal extremo, rara vez consiguen aparecer nos medios culturais máis xerais, pero son moitas veces o obxectivo exclusivo dos zines ou de webs especializadas. Moitas delas, por outra banda, están máis ou menos enfocadas a uns subxéneros determinados e non a outros.

A cuestión da lingua, tanto no emprego da mesma como no enfoque nas bandas que empregan o galego na súa música, tamén é divisiva. Non hai que esquecer que boa parte dos medios que mencionabamos, especializados concretamente nestes estilos de música, son de fóra de Galicia e/ou teñen un ámbito de interese internacional que fai que, como é normal, non se poidan centrar excesivamente nas bandas galegas. As outras escenas tamén teñen unha calidade tremenda e non é posi-

ble especializarse en todas á vez.

Así, atopamos moi a grosso modo dúas vertentes principais nos medios de comunicación que falan sobre a música rock galega: por unha banda, medios culturais galegos que tratan nas súas páxinas, na maioría dos casos en galego, a música de aquí no seu conxunto, e polo tanto non poden estar especializados no rock, no punk e no metal; por outra banda, medios especializados nestes estilos musicais a nivel internacional, que moitas veces falan entre outras de bandas galegas, pero en moi poucos casos o fan en galego. Así, Rouco Son xorde do propósito de unir características de ambos: ser á vez un medio especializado en rock, punk e metal e un medio especializado en Galicia e en galego.

Isto, obviamente, tamén implica limitacións, nomeadamente restrinxirse unicamente a falar de rock, punk e metal e non do resto de estilos que contan con tremendos expoñentes en Galicia, e non falar tampouco da música que se fai no resto do mundo. De feito, tamén está en boa parte pendente a existencia dun medio que fale, en galego, de rock, punk e metal a nivel internacional. A ver se alguén se anima axiña a facelo! A cuestión é buscar ocos e cousas que aínda non se fixeran moito, pero, en conclusión, os medios dun tipo e doutro son esenciais para a escena e totalmente complementarios.

Outra das razóns de ser de Rouco Son é a énfase na música subterránea, no underground. Ao final, as bandas máis coñecidas, ou polo menos as que xa están inseridas no circuito da música máis profesional, xa teñen garantido un mínimo de espazo nos medios xeralistas máis grandes. Porén, das bandas subterráneas de calquera estilo é máis difícil atopar información. Isto, ao final, acaba sendo unha baza para a propia revista, e en absoluto un inconveniente: as propias bandas comparten máis a túa información, e a xente interesase máis por lela ao ser algo que só poden atopar nun reducido número de medios. En xeral, o underground, o autoxestionado e o faino ti mesmo, basease nun espírito de colaboración e axuda mútua que, se ben non debemos idealizar por ter as limitacións que todos coñecemos, fai que os diferentes proxectos, dende bandas a medios ou espazos, medren paralelamente apoiándose os uns aos outros. Así, o falar do underground na revista non nace unicamente da convicción da necesidade de facelo, que tamén, se-

nón que remata sendo un dos principais atractivos que pode ter un medio, e máis un medio pequeno como é Rouco Son. No propio lema da publicación pode apreciarse outra cuestión na que Rouco Son pon especial atención: Falamos de rock en galego. Isto quere dicir non só que falamos sobre rock e que o facemos en lingua galega, senón tamén que as bandas que fan música en galego teñen necesariamente un peso especial nas nosas páxinas. Aínda que é algo que varía moito dependendo do subxénero ao que nos refiramos, habendo nuns máis bandas en galego que noutros, o rock en galego en xeral comezou sendo en boa parte unha rara avis. Porén, co tempo foron xurdindo máis e máis bandas, e hoxe en día non só as hai ben coñecidas, senón que, a nivel de diversidade de estilos, seguramente non houbera tanta nunca na historia. Así que é un momento marabilloso para ter un medio no que falar de rock. Precisamente, moitas das publicacións de Rouco Son que máis éxito teñen, son, con diferenza, aquelas adicadas a trazar a historia do rock ou o metal galegos e especialmente en galego. Tanto a reportaxe sobre o rock progresivo dos anos 70 en Galicia, na súa práctica totalidade feito en lingua galega, como a serie de reportaxes sobre o metal en galego ao longo da historia, foron relativamente moi compartidas ao tratar de xeito máis ou menos sistemático un tema que ata o momento non se tratara como tal. Escribir a historia do rock, punk e metal feito concretamente en galego aínda é tarefa pendente, e é unha honra poder poder poñer algún graniño de area na cuestión.

Estamos nun punto no que, en boa parte, facer música en galego non é xa só unha cuestión de vontade e compromiso, que en moitos casos podía limitar o alcance da túa música polos fortes prexuízos instaurados contra a lingua galega, como foi no pasado. Hoxe é algo que incluso moita xente busca; hai ganas de escoitar música en galego, e é un factor que chama a atención de xeito claramente positivo. Á fin e ó cabo, escoitar música en galego era algo bastante máis infrecuente hai décadas, e polo tanto agora valórase moito máis, incluso tendo en conta a situación de retroceso do emprego da lingua a nivel social. A falta de cultura na nosa lingua foi un factor que historicamente contribuíu a este retroceso, e, quizais, agora a proliferación da mesma que está tendo lugar en diversos ámbitos poida comezar a colaborar a preservala e espallala.



Rouco Son tamén ten a vontade de promover activamente as bandas con mulleres nas súas filas. A pesar de que hai moitísimos exemplos de bandas galegas tremendas formadas en parte ou na súa totalidade por mulleres, aínda son minoría na escena en xeral e nos concertos e festivais en particular, polas múltiples dificultades engadidas que as mulleres experimentan ao querer facer música. A este respecto, só se pode alabar a labor de proxectos como Mulleres Galegas Kañeras ou Músicas Galegas Ilustradas promovendo ás referentes necesarias e esixindo o apoio que estas bandas merecen. Pola parte de Rouco Son, cada mes hai sempre varias reportaxes e noticias sobre bandas con integrantes mulleres, e sempre é unha delas a representada na portada de cada número da edición física mensual (agás no número de xullo, por unha cuestión técnica de última hora xusto antes da impresión).

Todas estas foron as ideas principais que propulsaron un proxecto que levaba tempo latente, pero que tomou forma ao xurdir a oportunidade de facer unha revista en papel, editada por Libre Expresión de Medios de Galicia. Esta empresa edita tamén outras revistas mensuais gratuitas, principalmente de información local, e con Rouco Son incursionou tamén na prensa musical. O primeiro número levou na portada á banda Ith, de Mesía, e incluíu reportaxes sobre e entrevistas a Lóstregos, Broa, ou a Sala Rebullón (a revista non só fala de bandas, xa que a escena tamén a fan as salas e calquera outro proxecto). Tamén incluíu a primeira entrega da historia do metal en galego. E despois, o formato consolidouse definitivamente co segundo número, que xa contou cunha distribución como tal; con Barbarian Prophecies en portada e, entre outras, con entrevistas a Aki de Épsilon ou a Nía Tarrío de Proxecto Rizoma, outro proxecto clave de divulgación da música underground galega.

A partir de aí sucederíanse os números e chegarían tamén as colaboracións; a máis duradeira delas, a de Patty Castro, fundadora de Mulleres Galegas Kañeras e directora do podcast Galiza Metálica: outro medio xurdido a finais de 2021 coa finalidade de espallar o rock e o metal feito aquí, ademais de vocalista e un sinfín de cousas máis. A máis dun ano de historia da revista e con tantos números publicados, as apostas seguen sendo as mesmas do principio e non hai motivo para pensar en baixar o ritmo. Paralelamente á edición dos números en papel, por suposto, a práctica totalidade dos contidos está dispoñible na web para



**Xusto arriba, Jacobo Mouriño na redacción de Rouco Son en Compostela. A carón destas liñas, os primeiros pasos musicais do director, Javier Carnota.**

**Máis arriba, Jacobo Mouriño practicando en familia, imaxinamos que antes de dedicarse ao berro gutural.**

que calquera poida lelos, xa que ao final a difusión da música é o obxectivo principal. A través das redes sociais de Rouco Son, nomeadamente Facebook, Instagram e Twitter, a revista chega cada vez a máis xente, interesada pola escena rock galega, a súa historia, e especialmente o seu futuro.



# Novo concerto de Grupos de Vigo en Loita na sala Molotov

A plataforma Grupos de Vigo en Loita organiza un concerto o venres 23 de decembro para protestar contra o que consideran “acoso a concertos por parte da Policía Local”. Precisamente o seu último concerto, programado ao igual que este na Sala Molotov, foi suspendido por este corpo durante a súa celebración, alegando un problema de ruidos a pesar de ter lugar nunha sala insonorizada que opera de noite con normalidade. Aquel evento tiña como obxectivo reclamar condicións dignas en Vigosónico, as salas de ensaio municipais. Posteriormente houbo na cidade diversos casos de cancelacións de concertos en circunstancias similares, afectando incluso a recitais acústicos realizados ao mediodía.

Dende o colectivo de artistas de Vigo consideran que estas actuacións policiais encádranse na “situación de indefensión xeralizada que sofren as músicas locais e a desidia do goberno local de cara a solucionar as súas problemáticas”. Sinalan así mesmo que “a non concesión de licencias de salas de concertos por parte do Concello permítelles cancelar arbitrariamente practicamente calquera concerto que consideren por supostos ruidos”. Mentres tanto, “as obras que hai por toda a cidade ou a música navideña transmitida por megafonía pola cidade”, ademais dos “concertos ao aire libre organizados polo propio Concello, superan amplamente o nivel de ruído de recitais acústicos ou de pequenos en pubs insonorizados”, apuntan dende a plataforma.

Para este concerto, Grupos en Loita contará con catro bandas viguesas, concretamente Lamprea Explosiva, Dientes, Gracias por Nada e os Super Pop-Jazz, que porán música cos seus diferentes estilos ás reivindicacións do colectivo. O concerto será totalmente de balde, e a apertura de portas será ás 20:30 para posteriormente dar comezo á música ás 21:15. Ademais de protestar contra as can-

celacións de concertos, o evento servirá para seguir reclamando condicións dignas en Vigosónico, cuxa continuidade é ata o momento incerta, ao rematar proximamente a concesión á empresa actual sen ter comunicado o Concello polo momento nada ao respecto aos grupos.

Grupos de Vigo en Loita naceu en xaneiro de 2022, logo de dous anos de peche indefinido de Vigosónico por parte do goberno local. Agrupando a moitas decenas de bandas viguesas, a plataforma fixo eco do sentir xeralizado de que o peche destas instalacións “non foi pola pandemia como se alegou inicialmente, pois

mentres o resto de salas de ensaio reabrían, Vigosónico seguía pechado”. Pola contra, para estas bandas “estaba a suceder o mesmo que con Súbete o Castro ou coas salas de ensaio da Casa da Xuventude, pechadas de xeito similar hai anos polo Concello”. Finalmente, as protestas do colectivo lograron a reapertura de Vigosónico, aínda co que consideran “recortes” nas súas condicións, contra os que continuaron a protestar.

Precisamente o peche das salas de Súbete ao Castro, producido supostamente de xeito temporal para arranxar uns problemas de humidades, fixo 8 anos o pasado 21 de novembro. A plataforma lembrou este feito en redes, chegando nas súas palabras “a decenas de miles de usuarios que manifestaron o seu pesar pola fin inxustificada dun servizo tan necesario”. Esta efeméride será “sen dúbida tamén lembrada no concerto do vindeiro 23 de novembro”, afirman. Tamén apuntan que este servirá para reclamar unha maior presenza das bandas locais emerxentes na programación musical municipal, que ata o momento califican de “practicamente inexistente, a pesar das promesas que nos fixo o Concello nese eido”.



# MANU, DE KALEIKIA: "QUERIAMOS FACI

*Véñovos falar dun grupo instrumental. Dunha banda de Sanxenxo, Kaleikia, que nace na época estival de 2017 a partir dalgúns dos integrantes doutro grupo da vila, Vulkano Rock. Dunha banda de post rock que sorprende polos seus pasaxes sonoros, cheos de reminiscencias incluso metaleiras e de melodías que atravesan coa súa gran intensidade. Os tres integrantes procedentes de Vulkano Rock atoparon, coa incorporación do piano nas composicións, o que andaban buscando. Un enraizamento co mar que rompe contra as rochas e que contemplan dende a ventana do local de ensaio. Uns temas que falan do amor pola terra onde viven, que os arrodea, e que vén cargada de historias pasadas que transmiten nas súas composicións, facendo "letras" con acordes e sensacións.*

*Son Manu Kölmel (batería), Pablo Senra (baixo eléctrico), Manu Méndez (guitarra eléctrica) e a pianista Pilar Fernández Yuste, que tamén incorpora nalgúns temas a arpa celta. Xuntos conxuran pasaxes escuras, livianas, que se suceden mesturando sabores nesta paisaxe sonora. Tiven o pracer de poder falar para Rouco Son con Manu Méndez, o guitarrista da banda.*



**Moi boas, Manu! De onde vén o nome do grupo?**

Moi boas, Patty! Pois Kaleikia foi o nome que lle deron os gregos á nosa zona cando chegaron, para comerciar cos castrexos da zona da Lanzada.

**E a vosa propia historia como banda, como comezou?**

Pois a verdade é que comezou xa hai uns anos sendo un trío, con Pablo, Manu e máis eu mesmo. E debido ó interese de Pablo por estar ao tanto de grupo noveis en todo tipo de escena, foi el o que me deu a escoitar a Toundra, o grupo madrileño, que me sorprende e encantou. Eu veño do mundo clásico e do jazz, e esa mestura de rock e jazz que atopei en Toundra fíxome pensar en facer algo de aquí, algo autóctono. Lieinos para comezar o proxecto, e deixáronse liar. Así foi como en xuño de 2017 xuntámonos coas ideas que tiñamos sobre este proxecto, compartímolos e emsamblámolos e xurdiu o noso traballo Oileán Fada.

Aínda que o proxecto nace como un trío, nese mesmo verán en agosto, na presentación do grupo nun local do Grove, no Twist and Shout, Pablo Senra avisou a unha coñecida súa, Pilar, que xa sabía que tocaba o piano. Liámola para subir tocar unha, e a verdade, saíu tan ben, que eu creo que si o ensaiásemos, xamais quedaría así de ben. Así que non tivemos dúbidas, Pilar quedaba no grupo, non había mais que dicir. E, a partir de aí, realmente, foi a nosa inflexión. Nas nosas composicións, incluír o piano clásico varía completamente o que sería cambiar o combo clásico de rock. E, sen dúbida, aportou apertura á hora de compoñer.

**Dende o inicio do proxecto, a idea**

# ER ALGO DE AQUÍ, ALGO AUTÓCTONO”

Por Patty Castro

foi crear un repertorio de temas propios e instrumentais para poder gozar dunha maior liberdade á hora de compor. Así fixestes e continuades a facer. Cal sería a etiqueta coa que vos atopades a gusto?

Pois nós normalmente falamos de post-stoner, con referencia a grupos que nos encantan: Tool, Queens of the Stone Age, Kyuss, Muse, Led Zeppelin... Con todos os respetos por estas grandes bandas. Nós temos o noso humilde e honesto proxecto.

**E, de que tratan os vosos temas? Que queredes transmitir con eles?**


O que nós queremos describir son as nosas paisaxes mediante a música. De feito, o título do noso álbum, Oileán Fada, significa A Lanza en celta antigo. E o noso primeiro tema, co que abrimos este traballo, chámase “Chan de gorita”. Atópase na zona alta da parroquia de Bordóns, e é unha zona megalítica do Concello de Sanxenxo, onde podemos atopar ata 6 mámoas que datan de hai máis de 6.000 anos. Cremos que este tipo de baluartes que temos a sorte de poder ter non son recoñecidos tal como merecen, pois a fama deste lugar vén por outros atractivos turísticos.

Realmente, ós temas, ó non ter letras e facer música instrumental, puxémoslles nomes destes lugares onde vivimos, para referencialos dalguna maneira. E démonos conta de que podiamos perfilar a historia destas parroquias e aldeas e contalas a través da nosa música, conseguindo así contar historias. Baséanse nos lugares onde nós medramos como persoas. E como eu vivo no concello de Meaño, colindante co de Sanxenxo, pois tamén un dos temas fai referencia a esta zona, onde traballo como adegueiro.

**En que estades neste momento metidos como banda?**

Pois atopámonos dándolle caña ao segundo álbum de estudio, traballando con Óscar Fernández, Chichi, de Estudios Mafia, no Carballiño. Xa confiáramos nel no anterior disco e seguimos encantados co seu bo facer. E, se todo vai ben, neste inverno tentaremos finiquitalo o antes posible.





# "Cuervos", novo adianto do próximo álbum de The Skarnivals

"Cuervos" é o novo sinxelo de adianto do que será o próximo traballo de estudo da banda do Morrazo The Skarnivals. Latexos, que será presentado o próximo xaneiro de 2023, foi gravado nos estudos Estereoarte de Vigo con Javier Abreu como produtor. Este será o 4º traballo de estudio da banda; un disco cargado de forza e enerxías renovadas co que comeza unha nova etapa.

O novo proxecto está composto por nove temas, entre os cales se atopa o xa presentado "Do Revés". Nove "latexos" que fusionan diferentes estilos, pero que seguen a estela do ska punk e o punk folk que os caracteriza. The Skarnivals volve así á carga con máis ganas que nunca e cun disco que, en palabras da súa promotora Galunk Producións, "amosa súa madurez musical e compositiva, non deixará a ningún indiferente".

"Cuervos", o novo adianto, é un tema cunha letra que pon o foco de atención, en palabras de Galunk Producións, "nas cri-

ses mundiais, no capitalismo e nos mecanismos para manter o status dos privilexiados fronte á clase obreira"; e en "como volven unha vez e outra, e repítense ao longo da historia, alentados e colleitos da man, a extrema dereita e os grupos fascistas, que tentan volver reprimir e empobrecer a pobos de todo o mundo". O tema destaca tamén "a importancia da memoria histórica", xa que "un pobo que esquece e non lembra a súa historia está condenado a repetila". O videoclip do tema foi gravado e dirixido por Alberto Lora de Galunk Producións e Nukka Estudios.

A banda xa ten preparada a xira de presentación do novo traballo, por salas na primavera de 2023. Estas son as primeiras datas confirmadas, cuxas entradas están xa dispoñibles en na web de Entradium: Bueu, na Sala Aturuxo, o 4 de febreiro; A Coruña, na Sala Filomatic, o 11 de febreiro; Ourense, no Auriense, o 25 de marzo; e Compostela, na Sala Moon, o 20 de maio.





**Anúnciate  
aquí**

**981 463130**

**ROUCCO SON**

# A evolución do rock en galego (de 1964 a 2004)

A música rock en galego ten xa sete décadas de historia. Hoxe en día xa é fácil nomear numerosos grandes grupos de rock que canten ou cantasen, total ou parcialmente, na nosa lingua. Nalgúns estilos os nomes abrollan directamente na cabeza, mentres que noutros hai que rebuscar un pouco máis. Pero hainos en practicamente todos. De feito, hoxe en día resulta practicamente inabarcable falar en profundidade de todas as tendencias do rock, o punk e o metal en galego, e todas ben o merecen. Porén, si que é posible trazar unha xenealoxía do rock feito en galego, dende o seu nacemento a partir das orquestras das verbenas, aínda omnipresentes en Galicia ata variantes máis contemporáneas que xa pouco ou nada teñen que ver con aqueles comezos.

Nos anos 50 e 60 xa estaban extendidos por toda Galicia as orquestras e bandas que amenizaban os bailes e as verbenas. Aínda que musicalmente eran totalmente distintas ás de hoxe en día, a esencia da súa función era a mesma; algunhas de feito, perviven dende aquela época con éxito, como a París de Noia, fundada en 1957. Pouco a pouco, nos anos 60, este tipo de agrupacións, inmensamente populares e que chegaban facer incluso xiras internacionais, comezaron a incorporar elementos do pop e o rock. Porén, no contexto político do franquismo, non foi ata 1964, comezando a recta final do réxime, cando puideron comezar a gravar, moi esporadicamente, algunha canción en galego. A primeira destas gravacións foi “Galicia, terra nosa” dos noieses Los Tamara, que a súa vez colleron o tema doutro grupo contemporáneo, Los Españoles. Estes últimos tamén foron pioneiros en gravar e lanzar, en 1968, unha adaptación dun poema de Curros Enríquez, “Unha noite na eira do trigo”.


Estas primeiras cancións en galego, cuxos elementos pop e rock eran aínda moi incipientes, tiñan que restrinxirse a temas aceptables pola censura da época, é dicir, principalmente costumistas e enxebristas. A letra de “Unha noite na eira do trigo”, en todo caso, é unha historia de desamor que agocha un drama vivido especialmente pola poboación galega: o da inmigra-

ción. Os artistas tiñan que ter coitado non só con non empregar demasiado o galego nin tratar temas políticos, senón con que os seus temas sobre amor e diversión non fosen demasiado inapropiados, como se considerou aos temas do estilo twist que varias destas bandas fixeron a principios dos anos 60. Tamén hai que ter en conta o servizo militar obrigatorio, que empurraba a cambiar de membros ou disolverse a moitas bandas da época.

Tamén podemos mencionar nesta primeira época a Los Players, con cancións como “Galicia dos meus amores”. 1968 foi un ano clave coa celebración en Pontevedra do Festival Galego da Canción Moderna, un concurso ao que era obrigatorio presentarse con dúas cancións, polo menos unha delas en galego e que contou no xurado con figuras destacadas da cultura e tamén activas na política clandestina antifranquista, como Xosé Luís Méndez Ferrín ou o cantautor Benedicto. Este último foi arrestado ese mesmo día por interpretar, como parte do festival, unha das súas cancións, ao considerarse que proferiu “frases subversivas”. Os gañadores do concurso foron Los Drakkars, coa canción en galego “Non chores máis”.

A forte influencia dos Beatles neste grupo presaxiaba o nacemento definitivo e consolidado do rock en galego, que comezaba por fin a diversificarse. Aínda que non empregaban o galego nas súas letras, cabe mencionar ao respecto disto a bandas como os Microns, que versionaron a canción de jazz rock “Liberation”, de Chicago Transit Authority, ou Linces Pop, que fixo o propio co rock heavy de “Whole Lotta Love”, de Led Zeppelin. Tamén cabe mencionar a Generación 49, un grupo instrumental que mesturaba o rock da época coa música tradicional galega. Esta influencia da nosa tradición musical estaba bastante presente en varios destes grupos.

En 1969 prodúcese todo un punto de inflexión na música en galego, co lanzamento do sinxelo “O tren” de Andrés Do Barro. Esta canción pop en galego foi o primeiro número 1 nas listas estatais no noso idioma, fazaña que Do Barro vol-



Andrés Dobarro en Viveiro

vería acadar tres veces máis. Este tema sobre a saudade continúa a ter un estatus mítico en Galicia, e foi instrumental para demostrar a valía do galego para a música contemporánea (polo que se lle perdoan sobradamente os pronomes mal colocados). O ano seguinte chega o seu primeiro álbum de longa duración, Me Llamo Andrés Lapique do Barro, case integramente en galego. Xunto a outros álbumes como o primeiro dos Tamara ese mesmo ano, Na Ferosa Galicia, comezan demostrar que o galego vale e funciona non só para sinxelos esporádicos, senón tamén para discos enteiros e para carreiras enteiras.

Andrés do Barro naceu en Ferrol e era fillo de militar, polo que tivo que vivir tamén en Bilbo ou en Madrid. Alí experimentou a morriña pola súa terra e pola lingua galega, que se vén non herdou directamente da súa familia, si coñeceu a través da súa coidadora Cipriana, que só sabía falar galego, e das estancias familiares no rural nos veráns. Xa nesa época, nunha entrevista coa revista xuvenil Mundo Joven, Do Barro lamentaba que en Ferrol o galego “se habla menos”, incluíndose entre as “personas empeñadas en el resurgir de nuestra lengua”. O cantante continuaría a empregar principalmente o galego nos seus dous álbumes restantes, antes de retirarse da música a mediados dos anos 70, deixando atrás unha carreira fulgurante na que chegou ser toda unha icona pop e adolescente, sendo moitas veces portada

nas revistas xuvenís e mesmo protagonista dun filme.

Outro artista clave do pop rock en galego a comezos dos anos 70 é o grupo pontevedrés Queimada, xurdido das cinzas dos Drakkars. Despois de trasladarse a Madrid para buscar un mellor futuro na música, lanzaron en 1972 o álbum Claqueta 1, 2, 3 y..., que inclúe as cancións en galego “Non chores máis” (da época dos Drakkars) e o hit “E tropezou”, que tamén tivo que ser gravado en castelán por presión da discográfica. Tamén hai que mencionar nestes anos ao solista Xetxu, que grava un sinxelo xa puramente rock en 1972 coas cancións “Xohana” e “Xohana parte 2”. Aínda que a influencia dos Beatles fora clara en moitas bandas galegas da época, como Queimada, foi Xetxu quen explorou de forma máis clara a vertente psicodélica que os británicos exploraron xunto a outras tantas bandas internacionais na segunda década dos 60.

A estas alturas, o pop rock en galego xa comezaba estar cada vez máis extendido a diversos artistas. Aínda se promocionaba e impuña por parte das discográficas españolas a imaxe das bandas galegas co estereotipo do rural atrasado. Véxase as fotos con hórreos dos Sprinters, banda que acompañou a Andrés Do Barro, que intentou quitar de enriba esa imaxe. As letras aínda tiñan que estar cinguidas en boa parte ao costumismo e o enxebrismo. Pero, paralelamente ao éxito do folk e da canción de autor

en galego, demostrábase que o público de Galicia quería cancións no seu idioma, e que o público internacional sabía apreciarlo igualmente.


Juan Pardo, criado en Ferrol e tamén fillo de militar, xa era un cantante e produtor musical ben establecido cando comezou publicar sinxelos en galego a finais dos 60 e principios dos 70, producindo tamén álbums de Do Barro ou de Queimada. Xa en 1976 publica un disco enteiro na nosa lingua, Galicia, Miña Nai dos Dous Mares, cheo de adaptacións ao galego de figuras destacadas da nosa poesía, e o galego estaría máis ou menos presente ao longo de toda a súa carreira. E tan cedo como en 1973, o cantante pop rock Bernardo Xosé sacara un álbum homónimo practicamente enteiro na nosa lingua. Fíxoo coa discográfica Belter, que compartiu con Andrés do Barro e tamén con Manolo Escobar. Tamén publican sinxelos en galego a principios dos 70 o grupo Mahia ou o solista Xil Ríos, que se faría especialmente popular a partir de 1980 con éxitos como “Xirarei”, case sempre en galego.

Hai que mencionar tamén nesta tendencia o álbum homónimo de Pilocha, en 1978, cun pop con elementos folk e rock ás veces case progresivos. Tamén, como curiosidade, a Choca Esos Cinco, o disco que ese mesmo ano lanzou o dúo Keltia, formado polos atletas Alvaro Someso e Xosé Ramón Gayoso, que lograría a fama posteriormente como presentador da TVG. O disco mestura cancións en castelán con outras en galego, incluíndo adaptacións de poemas. Precisamente, esta indecisión por unha ou outra vertente puido ser parte das causas do feito de que o álbum ficase en boa parte esquecido, nunha época en que os discos en galego destas características tiñan un mercado potente.

Non hai que caer, en todo caso, en pensar que todos os artistas que facían música en galego nesta época eran convencidos activistas comunistas ou nacionalistas; había de todo, dende himnos revolucionarios ata as cancións que Juan Pardo fixo para campañas electorias de Fraga. Pero o galego non deixaba de ser (aínda é) a lingua propia de Galicia e da maioría da poboación galega, polo que para as discográficas era inevitablemente un mercado a explotar. Todo isto coincidiu cos últimos estertores e eventualmente coa fin do réxime fascista de Franco, coa consecuente redución da censura lingüística, aínda que o galego seguiu sendo unha lingua confinada a determinados estilos



Os Sprinters era a banda que normalmente acompañaba a Andrés Dobarro



Xohana, de Xetxu

pola censura privada da industria musical e cultural.

Entre estes artistas que fixeron de ponte entre a canción de autor, o pop, o rock e a tradición galega, hai outro nome especialmente destacado: o de Luís Emilio Batallán. Este cantautor sacou un álbum en 1975, Aí Vén o Maio, de estilo folk rock. Ademais de ser un enorme éxito de ventas, supuxo un primeiro achegamento da música galega ao rock progresivo que triunfaba internacionalmente na época, incluíndo aquí e acolá varios elementos propios deste estilo, e integrando tamén o son da gaita. Esta mestura entre folk rock e rock progresivo é aínda máis clara nos álbums de Bibiano, cantautor vencellado ao mítico colectivo Voces Ceibes. O primeiro deles foi Estamos Chegando ó Mar (1976), para o que o galego rodeouse, nos estudos Audiofilm de Madrid, de músicos da escena rock catalá, como sucedera por exemplo co Xohana de Xetxu, coincidindo en ambos o batería Santi Arisa de Fusioon. Neste álbum aínda non hai gaita, pero esta é emulada por un sonido minimamente afín dun sintetizador, cousa que xa escoitáramos por exemplo en temas de Andrés do Barro como “Si vienes a San Simón”.

Nos seguintes discos de Bibiano, tamén gravados en Madrid, si que comezamos atopar a destacados músicos galegos, en varios casos membros doutras bandas de rock progresivo como NHU, Outeiro ou DOA. E é que o rock progresivo pasou ser unha das formas dominantes do rock en galego durante uns poucos anos, tomando gran influencia da música tradicional propia dun xeito que lembra o que a moita maior escala ocorría en Andalucía coa mestura entre rock e flamenco. NHU foi a banda que fixo un rock progresivo máis canónico, mentres que Outeiro miraba máis cara o jazz fusión, que Alecrín ou DOA tamén mesturaron co folk; estilo este último que, así mesmo, protagonizaba o son progresivo de Brath ou Taranis. Tamén empregou a gaita o grupo de Portonovo, que meturaba o rock progresivo cun pop rock máis desenfadado. Aínda que o momento de maior eclosión internacional do rock progresivo xa pasara, en Galicia este estilo continuou a ter unha boa presenza e grandes referentes nos anos 80, 90, e mesmo ata a actualidade.

Estando a principios dos anos 80, xurdiría neste momento un movemento musical en Galicia que cambiaría moitas das normas existentes, coñecido como A Movida.



Portada de Aí ven o maio, de Luís Emilio Batallán



Keltia

Nacida paralelamente, pero tamén con afán de oposición, ao movemento homónimo que tiña como centro Madrid, en Galicia foi especialmente notoria a Movida de Vigo. Aínda que na súa maior parte desenvolveuse en castelán, houbo unha banda especialmente importante que fixo a súa carreira en galego: Os Resentidos, que sacaron múltiples álbumes cun gran éxito de público e crítica, ademais do omnipresente hit de 1986 "Galicia caníbal (fai un sol de carallo)". Alén deles, outros dos máis míticos grupos da movida viguesa como Sinistro Total ou Aerolíneas Federales, e outros máis pequenos e tardíos como Unión Penosa ou os porriñenses Callos Louriña, sacaron varias cancións soltas en galego. Na outra principal urbe galega, A Coruña, tamén xurdiu un movemento cultural similar, aínda que non tan prolífico musicalmente, denominado Atlantismo, onde bandas míticas como Radio Océano tamén incluíron temas en galego nos seus discos.

O son destas bandas era relativamente ecléctico, indo dende un punk sen compromiso que mesmo chegaba tocar o hardcore, ata o pop rock propio da chamada nova onda, pasando polo post-punk, de corte máis experimental. A súa vontade máis moderna e urbana, e de ruptura explícita co anterior, fixo que musicalmente tiveran un vencello moito menor coa cultura e a tradición musical galega que boa parte dos artistas anteriormente mencionados, exceptuando claramente o caso da forte influencia folk dos Resentidos. Non hai que esquecer tampouco que Bibiano foi, como promotor musical e como propietario da sala Kremlin, un dos principais impulsores deste movemento en Vigo.

Ademais de en Vigo e en Coruña, por suposto, tamén houbo pop e rock oitenteiro por toda Galicia, e no referente ao pop rock en galego hai que mencionar a recompilación O Pulso do Tempo, impulsada pola Xunta e a Deputación da Coruña para promover o galego. Nel participan 10 bandas, case todas de efémera existencia, exceptuando aos ourensáns La Rosa, que polo demais desenvolveu a súa carreira en castelán. Xa coa fin da década e nos comezos dos 90 hai que mencionar aos composteláns Os Quinindiolas, que mesturaban en galego o rock co funk e o hip hop, e aos vigueses Os Piores, que tamén fixeron algunhas cancións na nosa lingua co seu pop rock escuro.

É a partir da segunda metade dos 80 cando as cousas empezan

poñerse realmente intensas no rock en galego. E é que, ao marxe do incipiente punk da movida, comeza xurdir por toda Galicia, dende as cidades ao rural, un amplo movemento punk e hardcore que, desta vez si, empregou de xeito relativa-




mente xeralizado o galego como lingua vehicular, ao ser en boa parte un estilo contestatario e politizado. Aínda, como con boa parte dos estilos anteriores, chegaba a Galicia algo máis tarde do que a outros países do mundo, pero veu para quedarse, inaugurando unha tradición sólida que aínda continúa hoxe en día. Cabe facer un resumo cos principais expoñentes do punk en galego, aínda que o tema ben merece, e terá, unha reportaxe propia. Así, neses primeiros anos grávanse varias maquetas en galego, como as de Sindikato Agrario de Lugo as dos moañeses Os Raiados, que chegaron sonar nas radios e actuar na TVG, e as de Mördor, de Cerceda, xérmolo da banda aínda en activo Zenzar.

A partir do exemplo dos Raiados, xurdiría no Morrazo unha importante escena punk que chegaría deixar varias gravacións importantes nos anos 90 e máis alá, con grupos como Soak (inicialmente Kaos) ou Nabarraka, que incorporan influencias doutros estilos como o ska ou o hardcore, ou os Ruín Bois, inscritos no movemento coñecido como o Oi!, vencellado aos skin-heads antifascistas e de clase obreira. Nesta liña xurdirían tamén outros grupos en Vigo nestes anos, como Skacha ou Keltoi (ben coñecido polas súas cancións como siareiros do Celta de Vigo).

Tamén xurde en Galicia con moita forza o hardcore punk, un estilo moito máis rápido e agresivo que o punk orixinal. Agroman bandas de todos lados que sacan maquetas hoxe míticas con algúns ou mesmo todos os temas en galego: Fame Neghra ou Dirty Barrighitas en Compostela, os reintegracionistas Eutanasia Activa en Ferrol, Mc

Arróns en Esteiro, Néboa e Desvirgeiros en Vigo... Estes últimos, xa a principios dos noventa, comezan mesturar o hardcore punk con estilos do metal para dar lugar ao coñecido como crossover thrash, no que atopamos a outras bandas como Mol na Coruña, Mala Oxtia na Mariña de Lugo, Túzaros en Compostela, ou mesmo os primeiros discos de Zénzar, que posteriormente terían unha traxectoria máis puramente punk. Estes últimos impulsaran xa en 1993 a recompilación Rock na Costa da Morte, con varias bandas da zona.

Falando de diversificación de estilos punkis, comeza xurdir tamén nos 90 en Galicia o ska punk, que mestura o punk máis intenso con sons xamaicanos, e que tivo en Xenreira ou Nen@s da Revolta algúns dos seus primeiros exemplos. Este estilo tivo posteriormente numerosos continuadores en Galicia, convertíndoo nun dos xéneros infaltables en calquera festival musical de verán, con bandas como Skarnio ou Dakidarría xa nos anos 2000, e un longo etc. Tamén xurdira naquel tempo a mestura entre o punk e as gaitas do folk galego, con exemplos temperáns como os dos Verjahludos ou os Rastreros.



Boa parte destas bandas adscribíase, a partir de 1994, ao novo movemento coñecido como rock bravú, que chegou ser toda unha sensación na época coa súa mestura de punk rock e tradición galega da man de bandas tan populares como Os Diplomáticos de Monte Alto, Heredeiros da Crus, Os Papaqueixos ou O Caimán do Río Tea, e posteriormente outros como Ruxe Ruxe. Sobre o rock bravú xa teñen corrido ríos de tinta, sobre todo en relación con outro verdadeiro fenómeno na música galega da época, o Xabarín Club. O Xabarín promoveu o galego de xeito imprecendente entre a cativada galega dos anos 90, apoiado por unha inconmesurable colección de temazos de moitas das bandas xa mencionadas. Tamén foron fundamentais para o desenvolvemento

do movemento as recompilacións comúns, como Unión Bravú en 1996 ou Selección Xa! en 1997, esta última para reclamar unha selección de fútbol galega, contando coa colaboración nas voces de varios futbolistas de primeira liña do Celta, do Depor ou do Compos, entón en primeira división.

Paralelamente ao punk en galego, por suposto, desenvolveuse aínda que polo momento a menor escala, o metal en galego. O primeiro exemplo foi o da maqueta de 1987 da banda de rock heavy luguesa Épsilon, para logo dar paso en 1989 ao thrash metal de Xudéf Klas ou as bandas de crossover xa mencionadas. Tamén hai que mencionar nos 90 o metal alternativo con influencias do rap dos mariñaos Skorabois, tamén vencellados ao movemento bravú, e aos cangueses Ashtarot coa súa mestura de rock duro e heavy metal, que adaptaron numerosas cancións populares e poemas galegos ao seu estilo nunha carreira que aínda hoxe continúa. A maior diversificación do estilo chegaría, porén, a principios dos anos 2000, con bandas de estilos máis extremos e escuros como Xerión no black metal, Wisdom e Glut no death metal e o grindcore, ou Madame Germen no estilo relacionado do crust punk. Nestes anos mesmo bandas tan grandes como Los Suaves ou incluso os madrileños Mago de Oz animáronse a sacar temas en galego.


Xa que ficamos nos principios dos anos 2000, despois de tanta caña non podemos esquecernos de artistas de rock máis suave como Ataque Escampe, The Homen, Narf ou a Psicofónica de Conxo. En efecto, o rock en galego convertírase xa nun fenómeno xeralizado e inabarcable nunha pequena reportaxe ou unha pequena charla. Sobra dicir que continúa a gozar de boa saúde, con numerosas bandas asaltando os escenarios de salas e festivais galegos para tocar ante miles de persoas. Así que, como non queremos esquecer de ningún ao falar do rock en galego máis actual, terá que quedar para a seguinte!



# Max & Bull e Vircator, no Pub Transylvania de Vigo



Max & Bull



Max & Bull

A banda lusa de rock instrumental Vircator visitará o noso país a principios do 2023, presentando en directo os temas do seu novo disco Bootstrap Paradox xunto á banda viguesa de post rock electrónico Max & Bull. Os portugueses visitarán Vigo por primeira vez despois de tres discos, cos que xa percorreron boa parte da xeografía estatal nas súas anteriores xiras europeas. Pasarán polo Transylvania Pub o sábado 21 de xaneiro ás 21:30. As entradas estarán á venda por 10€.

Abrirá a noite Max & Bull, un dúo que une o rock, o metal e a electrónica. Está formado por Nacho Araújo na batería e Iñaki Blanco na guitarra, sintetizador e bases electrónicas e visuais. A banda mestura pesados riffs de guitarra e baterías potentes con bases atmosféricas.

Paisaxes sonoras densas e saturadas que afloran a base da superposición de capas. Acompañando á música e dando cor contan con visuais simultáneos, ofrecendo unha experiencia audiovisual completa.

Por outra banda, foi o amor polo rock experimental o que uniu a Pedro, Zé, Marcelo e Rubén, e gracias as súas inquedanzas agromou unha nova banda, Vircator. O seu son evoca, nas súas palabras, «unha viaxe poderosa e emotiva que che leva ó profundo da conciencia humana, equilibrado pola calma e acendido por un impulso momentáneo». No seu novo disco Vircator acada un novo son, engadindo moitos máis elementos á súa fórmula. Máis producido, pulido e complexo, pero sen perder as características que definen á banda dende os seus inicios.



Vircator



## Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos. Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio. Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas  
Avda. Romero Donallo, 29  
15706 Santiago

**Libre Expresión de Medios  
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.  
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 19-12-2022 nº24. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

# SABORA

cafés tostados no día

[www.cafesabora.com](http://www.cafesabora.com)